

O PARQUE EMPRESARIAL DE ALVEDRO ACOLLE UNHA NOVA VISITA DAS UNIDADES MÓBILES DA ADOS

Unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) achegárase este mércores 22 de abril ata o Parque Empresarial de Alvedro para desenvolver unha nova campaña de doazón de sangue. A Axencia ten desenvolvido un total de 7 campañas de doazón de sangue no Parque Empresarial de Alvedro desde o ano 2022, acadando, no transcurso destas visitas, 117 doazóns de sangue.

A unidade móbil da ADOS estará estacionada na Rúa I, diante da empresa Arce Clima, das 09:30 ás 14:30 horas para facilitar a doazón a todos os traballadores e traballadoras do Parque Empresarial de Alvedro.